

COMUNICADO: FE DE ERRATAS

El tribunal de Selección de Personal para el proceso selectivo para la plaza de TÉCNICO DE PROXECTO MARINE LITTER STYLE (ML STYLE), comunica la presente Fe de Erratas a los candidatos postulantes a dicho proceso selectivo publicado no DOG Núm. 54 o Luns, 18 de marzo de 2019 Pax. 14581.

DICE:

ANEXO III

III.1. VALORACIÓN DO CURRICULUM VITAE.

A puntuación máxima da valoración do CV será de 27 puntos, aplicando o seguinte BAREMO

Será necesario remitir C.V. en formato Europass,

III.1.1. Experiencia profesional acreditada

a) Para cada mes completo de servizos prestados a bordo de buques oceanográficos ou pesqueiros (arrastre ou palangre) dedicados a actividades de observación ou tarefas científicas para a avaliación e xestión de recursos pesqueiros que supoñan un coñecemento global das tarefas realizadas a bordo, tanto na cuberta como no parque pesqueiro: 0,10 puntos.

A puntuación máxima do apartado será de **8 puntos**.

III.1.2. Formación e Outros Méritos

Para a correcta correlación entre o C.V. en formato Europass do candidato e os títulos, certificados ou méritos soporte do mesmo, o candidato deberá numerar tanto os méritos que describa no seu C.V. como a documentación soporte, para identificala claramente.

a) Doutoramento relacionado coa xestión e avaliación dos recursos pesqueiros mariños: 2 puntos (ata un máximo de 2 puntos).

b) Nivel de inglés acreditado: B1: (1 punto) B2: (2 punto), C1 o superior (3 puntos). Ata un máximo de 3 puntos.

c) Cursos de especialización de máis de 150 horas, relacionados coa temática da praza, hasta 0,5 puntos por curso ata un máximo de 2 puntos.

d) Outros cursos especializados, relacionadas co ámbito da praza de máis de 20 horas: ata 0.1 punto por curso ata un máximo 1 punto.

e) Artigos científicos e capítulos de libros en editoriais recoñecidas, no ámbito propio da praza: ata 0,5 puntos por produto cando sexa primeiro autor, e 0,2 puntos por produto en calquera outra orde e autoría ata un máximo de 4 puntos.

f) Comunicacions a congresos (en póster e orais) no ámbito propio da praza: ata 0,3 puntos por comunicación (como primeiro autor) e ata 0,15 (como segundo autor) ata un total máximo de 4 puntos.

g) Outros méritos relacionados co perfil da praza (Participación en proxectos relacionados co perfil da praza, organización de congresos, eventos, seminarios ou xornadas, becas e premios, experiencia en comunicación, difusión, e divulgación científica): 0,2 puntos por actividade, ata un máximo de 3 puntos neste apartado.

A puntuación máxima conxunta do apartado II será de **19 puntos**.

III.II. ENTREVISTA PERSOAL:

Realizarase unha entrevista persoal abordando aspectos relacionados coa temática e as actividades do proxecto: a problemática do lixo mariño, orixe e impactos, prevención e redución do lixo mariño, xestión de residuos, reciclaxe, economía circular, lexislación e estratexias a nivel europeo e rexional relacionada cos plásticos e o lixo mariño. A duración máxima da entrevista será de 20 minutos.

A puntuación máxima da entrevista será de **3 puntos**.

A continuación resúmese o perfil do posto de traballo:

- Disponibilidade para viaxar.
- Elaboración de informes.
- Manexo autónomo de medios informáticos.
- Apoio á coordinación e seguimento da execución do proxecto
- Apoio técnico e científico específico ás actividades do proxecto, organización de reunións, talleres e conferencias. Seguimento das campañas de recollida de lixo nos portos e caracterización dos materiais recollidos.
- Colaboración nas tarefas de difusión e comunicación previstas no proxecto.
- Elaboración dos informes técnicos e económicos de seguimento do proxecto.

DEBE DECIR:

ANEXO III

III.I. VALORACIÓN DO CURRICULUM VITAE.

A puntuación máxima da valoración do CV será de **27 puntos**, aplicando o seguinte BAREMO. Será necesario remitir C.V. en formato Europass,

III.I.1. Experiencia profesional acreditada

Por cada mes completo de servizos prestados en actividades profesionais relacionadas co perfil da praza á que se opta: 0,25 puntos.

A experiencia profesional acreditarase mediante certificados de vida laboral, contratos ou certificados de empresa onde consten as funcións desenvolvidas.

A puntuación máxima do apartado III.I.1 será de **8 puntos**.

III.I.2. Formación e Outros Méritos

Para a correcta correlación entre o C.V. en formato Europass do candidato e os títulos, certificados ou méritos soporte do mesmo, o candidato deberá numerar tanto os méritos que describa no seu C.V. como a documentación soporte, para identificala claramente.

1. Doutoramento vinculado a algunha das seguintes áreas: xestión e protección da costa e do medio e os recursos mariños, calidade de augas mariñas e costeiras ou contaminación mariña: 4 puntos por tese (máximo de 4 puntos neste apartado).

2. Máster universitario relacionado coa xestión e protección da costa e do medio e os recursos mariños, calidade de augas mariñas e costeiras ou contaminación mariña ou Diploma de Estudos Avanzados: 2 puntos por máster (máximo de 2 puntos neste apartado).
3. Cursos de especialización de máis de 150 horas, relacionados coa xestión e protección da costa e do medio e os recursos mariños, calidade de augas mariñas e costeiras ou contaminación mariña: 0,5 puntos por curso (máximo de 0,5 punto neste apartado).
4. Outros cursos de máis de 20 horas relacionados coa xestión e protección da costa e do medio e os recursos mariños, calidade de augas mariñas e costeiras ou contaminación mariña: 0,1 puntos por curso (máximo de 0,2 puntos neste apartado).
5. Artigos relacionados coa xestión e protección da costa e do medio e os recursos mariños, calidade de augas mariñas e costeiras ou contaminación mariña en revistas científicas como primeiro autor: 0,5 puntos por artigo (máximo de 1,5 puntos neste apartado).
6. Artigos relacionado coa xestión e protección da costa e do medio e os recursos mariños, calidade de augas mariñas e costeiras ou contaminación mariña en revistas científicas como co-autor: 0,3 puntos por artigo (máximo de 0,6 puntos neste apartado).
7. Comunicacóns a congresos, libros ou capítulos de libro en editoriais recoñecidas no ámbito propio da praza: 0,3 puntos por produto (máximo de 1,2 puntos neste apartado).
8. Outros méritos relacionados co perfil da praza (ata un máximo de 6 puntos neste apartado):
 - 8.1. Participación en proxectos: 0,3 puntos por proxecto
 - 8.2. Desenvolvemento de Consultoría Técnica: ata 0,3 puntos por actividade
 - 8.3. Organización de congresos, eventos, reunións técnicas, seminarios online: 0,2 puntos por actividade
 - 8.4. Premios e becas: 0,2 puntos por actividade
9. Idiomas
Coñecemento de idioma inglés
 - Nivel alto (C1: Usuario competente: Certificate in Advanced English (CAE)): 3 puntos.
 - Nivel medio: (B2: Usuario autónomo: First Certificate in English (FCE)): 2 puntos.

O nivel de inglés deberá ser acreditado mediante título oficial recoñecido (*Cambridge (ESOL)*, *Trinity College London (TESOL)*, ou similar), ou Escola oficial de Idiomas EOI axustándose á Táboa de equivalencias con respecto ó Marco Europeo de Referencia

A puntuación máxima conxunta do apartado III.I.2 será de **19 puntos**.

III.II. ENTREVISTA PERSOAL:

Realizarase unha entrevista persoal na que se valorarán as cuestións relativas á experiencia profesional do candidato, coñecementos na área da contaminación mariña, economía circular, a problemática do lixo mariño e programas de financiación nacionais e europeos así como as súas aptitudes persoais para o bo desempeño da praza.

A puntuación máxima da entrevista será de **3 puntos**.

A continuación resúmese o perfil do posto de traballo:

- Disponibilidade para viaxar.
- Elaboración de informes.
- Manexo autónomo de medios informáticos.
- Apoio á coordinación e seguimento da execución do proxecto
- Apoio técnico e científico específico ás actividades do proxecto, organización de reunións, talleres e conferencias. Seguimento das campañas de recollida de lixo nos portos e caracterización dos materiais recollidos.
- Colaboración nas tarefas de difusión e comunicación previstas no proxecto.
- Elaboración dos informes técnicos e económicos de seguimento do proxecto.

En vista ao anteriormente exposto, amplíase o prazo de presentación de solicitudes ata o día 15 de abril de 2019 inclusive

Vigo, 25 de marzo de 2019

O SECRETARIO DA COMISIÓN

